

# XIV Concurso 2021 de Pintura

ORGANIZA




CONCELLO  
DE ARES

COLABORA



C.I.R.S. CERVÁS



Obra: "MANGLAR"- Autora: Teresa Durá, gañadora do 1º premio  
do Manuel Rebón 2019

#### PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ares como responsable do tratamento, infórma-lle que os datos que vostede nos facilite voluntariamente xunto coas obras enviadas ao presente Concurso de Pintura Manuel Rebón, serán tratados coa fin da participación e entrega dos premios do concurso, estando lexitimada para elo polo feito de participar.

Os datos recollidos serán tratados única e exclusivamente coa citada fin e non serán cedidos ou comunicados a terceiros, agás os nomes dos gañadores que poderán ser expostos na Biblioteca e redes sociais do Concello. Os datos dos participantes destruíránse cando finalice o concurso.

Vostede ten dereito a solicitar, en calquera momento, o acceso, rectificación, cancelación ou supresión, oposición á limitación do seu tratamento ou á portabilidade dos datos. Ditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude, remitida a: I. Concello de Ares, adxuntando unha fotocopia do seu D.N.I.. Do mesmo modo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Manuel Rebón  
CONCELLO DE ARES

# XIV Concurso 2021 de Pintura

Manuel Rebon  
CONCELLO DE ARES

Para residentes no Estado Español de acordo coas seguintes bases:

1 Os/as concursantes serán maiores de 18 anos e poderán concursar cun máximo dunha obra, única e orixinal que se axustará as seguintes normas:  
Tema: Libre  
Técnica: Oleos e acrílicos  
Tamaño máximo: 110 x 110 cm., incluíndo o marco

2 As obras deberán estar enmarcadas ou acondicionadas para a súa exposición. Non se admitirán as obras protexidas por cristal ou PVC

3 As pinturas entregaranse no Local Social C.I.R.S. de Cervás (Ares) desde o 1 ao 10 de Setembro, ambos incluídos, en horario de Luns a Venres de 19 a 21 horas. Sábados e Domingos de 12 a 14 horas e de 19 a 21 horas.

4 As obras presentadas deberán vir asinadas co nome do autor/a, figurando na parte de atrás o nome completo, o enderezo, o número de teléfono, o número do D.N.I., a data de execución do cadro, o título e acompañarase fotocopia do D.N.I. i e-mail se o tivera.

5 A retirada de cadros farase persoalmente polo autor/a ou por persoa autorizada, durante 15 días a partir da finalización da exposición: pasado o devandito prazo, enténdese que renuncia a calquera dereito sobre eles.

6 As obras pasarán unha selección previa antes de ser admitidas definitivamente. Desta selección farase cargo un xurado cualificado.

7 Os premios serán os seguintes:

1º Premio ..... 1.500 euros.  
Premio o mellor pintor local ..... 600 euros.  
Haberá tamén 2 accesits.

Aos premios aplicaráselles a retención fiscal correspondente según a lexislación vixente nese momento.

8 Os premios serán en metálico e non poderán dividirse pero si declararse desertos.

9 Os cadros premiados quedarán en poder do Concello de Ares, e pasarán a formar parte do patrimonio cultural do mesmo, podendo reproducilos e difundilos con enteira liberdade.

10 O Concello porá todo o seu coidado no tratamento das obras presentadas. Nembargantes non responderá de perdas, danos ou extravíos debidos a roubos, roturas, desperfectos ou causa de forza maior, ou calquera outro caso ou causa allea á súa vontade.

11 Os premios fallaranse o venres 13 de Setembro, por un xurado composto por persoas vinculadas co mundo da cultura. Se a cantidade de obras finalistas fora moi numerosa, farase unha selección posterior para a exposición por motivos de espazo expositivo. A exposición das obras quedará aberta a partir do domingo 15 de Setembro ás 13:00 h. no C.I.R.S. de Cervás. A clausura da exposición e a entrega de premios terá lugar no C.I.R.S. de Cervás, o 25 de Setembro ás 19 horas.

12 O ditame do Xurado será inapelable e darase a coñecer na apertura da exposición que a tal efecto organizará o Concello de Ares. @s concursantes polo feito de concursar, aceptan integramente as presentes bases.

NOTAS:

Enténdese por pintor local, os empadroados na actualidade neste Concello. Ningún concursante poderá acadar máis dun premio.

Non poderán presentarse ó concurso os agraciados cos premios en metálico das dúas edicións anteriores. Sí os accesit.